

ACTA NÚMERO: 19/2024

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 6 DE XUÑO DE 2024.

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 6 de xuño de 2024 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación.
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. Carmen De Peña Vidal, Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 30 de maio de 2024 (Reunión 18/2024).*
2. *Dar conta da oferta presentada pola empresaria, María Josefa Mariño Carreira, no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación de tres actuacións do grupo "De Vacas" con cargo ao programa "+Música 2024". (Expte.- 2024029704).*
3. *Dar conta da oferta presentada polo empresario, Francisco Gómez Seijo, no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación de dúas actuacións do grupo Milladoiro con cargo ao programa +Música 2024. (Expte.- 2024029703).*
4. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios que precisan de xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da creación dunha aplicación para a gamificación no Destino Rías Baixas, dentro do desenvolvemento da iniciativa Tourist Inside II Rías Baixas da Deputación de Pontevedra, dentro da liña de axudas para a transformación dixital de destinos turísticos, enmarcado no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiados pola Unión Europea - Next Generation. (Expte.- 2023041709).*
5. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes a documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración e execución das obras de instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar a diferentes centros da Deputación de Pontevedra de puntos de recarga de vehículos eléctricos no marco do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia e do Plan nacional integrado de enerxía e clima 2021-2030 (Programa MOVES III) financiado pola UE dentro dos fondos Next-GenerationEU. (Expte.- 2023044745).*
6. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes a documentación avaliable mediante criterios que precisan de xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración e execución das obras de instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar a diferentes centros da Deputación de Pontevedra de puntos de recarga de vehículos eléctricos no marco do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia e do Plan nacional integrado de enerxía e clima 2021-2030 (Programa MOVES III) financiado pola UE dentro dos fondos Next-GenerationEU. (Expte.- 2023044745).*
7. *Aprobación das valoracións técnicas do sobre "A" correspondente a documentación avaliable mediante criterios que precisan de xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción e dirección dos proxectos de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondente co expediente PRD5000-2021-000382 dentro da convocatoria de axudas para inversións a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico Programa DUS 5000. (Expte.- 2023076329).*
8. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente a documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción e dirección dos proxectos de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondente co expediente*



PRD5000-2021-000382 dentro da convocatoria de axudas para inversións a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico Programa DUS 5000. (Expte.- 2023076329).

9. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes a documentación administrativa do procedemento aberto convocado, mediante concurso público, para o alleamento de 14 parcelas do Polígono Industrial Outeda-Curro no Concello de Barro. (Exptes.- 2024025116-2024025500).*
10. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes a documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado, mediante concurso público, para o alleamento de 14 parcelas do Polígono Industrial Outeda-Curro no Concello de Barro. (Exptes.- 2024025116-2024025500).*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG e D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 30 de maio de 2024 (Reunión 18/2024).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 30 de maio de 2024 (Reunión 18/2024).

2. Dar conta da oferta presentada pola empresaria, María Josefa Mariño Carreira, no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación de tres actuacións do grupo "De Vacas" con cargo ao programa "+Música 2024". (Expte.- 2024029704).

Por Resolución Presidencial número 2024004481, de data 31 de maio de 2024, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, de tres actuacións do grupo "De Vacas" con cargo ao programa "+Música 2024", cun valor máximo estimado de 15.000,00 €, IVE engadido.

No citado acordo tamén se procedeu a invitar a empresaria, María Josefa Mariño Carreira (33291564F), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 31/05/2024.

A empresaria, María Josefa Mariño Carreira (33291564F) presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresaria resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:



Importe ofertado sen IVE	15.000,00 €
IVE (21 %)	3.150,00 €
Importe ofertado con IVE	18.150,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresaria, María Josefa Mariño Carreira (33291564F), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación de tres actuacións do grupo “De Vacas” con cargo ao programa “+Música 2024”.

3. Dar conta da oferta presentada polo empresario, Francisco Gómez Seijo, no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación de dúas actuacións do grupo Milladoiro con cargo ao programa +Música 2024. (Expte.- 2024029703).

Por Resolución Presidencial número 2024004400, de data 29 de maio de 2024, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, de dúas actuacións do grupo Milladoiro con cargo ao programa “+Música 2024”, cun valor máximo estimado de 27.830,00 €, IVE engadido.

No citado acordo tamén se procedeu a invitar ao empresario Francisco Gómez Seijo (50297676B), a presentar proposición, no caso de estar interesado, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL), que se produce o día 29/05/2024.

O empresario Francisco Gómez Seijo (50297676B) presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, o empresario resultou admitido no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	23.000,00 €
IVE (21 %)	4.830,00 €
Importe ofertado con IVE	27.830,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada polo empresario Francisco Gómez Seijo (50297676B), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación de dúas actuacións do grupo Milladoiro con cargo ao programa “+Música 2024”.

4. Apertura electrónica dos sobres “A” correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios que precisan de xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da creación dunha aplicación para a gamificación no Destino Rías Baixas, dentro do desenvolvemento da iniciativa Tourist Inside II Rías Baixas



da Deputación de Pontevedra, dentro da liña de axudas para a transformación dixital de destinos turísticos, enmarcado no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiados pola Unión Europea - Next Generation. (Expte.- 2023041709).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, mediante Resolución Presidencial de data 20 de maio de 2024, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, da creación dunha aplicación para a gamificación no Destino Rías Baixas, dentro do desenvolvemento da iniciativa Tourist Inside II Rías Baixas da Deputación de Pontevedra, dentro da liña de axudas para a transformación dixital de destinos turísticos, enmarcado no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiados pola Unión Europea - Next Generation.

O anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 20 de maio de 2024, xunto cos pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse mediante a plataforma de licitación electrónica Vortal, que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores. A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo. Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación do sobre "A", correspondente á documentación administrativa e a documentación avaliable mediante criterios que precisan de xuízos de valor, presentada polas empresas que participan no devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir á seguinte empresa:

- byAR, Lda. (CIF: 513427830).

Unha vez finalizado este trámite, a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación técnica presentada pola empresa admitida ao persoal técnico do Servizo de Turismo Rías Baixas da Deputación de Pontevedra, para que emita informe de avaliación de conformidade cos criterios de adxudicación non automáticos establecidos nos pregos que regulan este procedemento aberto simplificado.



5. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes a documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración e execución das obras de instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar a diferentes centros da Deputación de Pontevedra de puntos de recarga de vehículos eléctricos no marco do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia e do Plan nacional integrado de enerxía e clima 2021-2030 (Programa MOVES III) financiado pola UE dentro dos fondos Next-GenerationEU. (Expte.- 2023044745).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que a Xunta de Goberno en sesión celebrada o día 26 de abril de 2024 aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da subministración e execución das obras de instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar a diferentes centros da Deputación de Pontevedra de puntos de recarga de vehículos eléctricos no marco do plan de recuperación transformación e resiliencia e do plan nacional integrado de enerxía e clima 2021-2030 (programa Moves III) financiado pola UE dentro dos fondos Next-GenerationEU.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE para a súa publicación con data 30-04-2024 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 02/05/2024. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:



- -Iberdrola clientes SAU (CIF A-95.758.389)
- -Imesapi SA (CIF A-28.010.478)
- -Félix y Viñas SL (CIF B-36.016.905)
- -Electricidad Hermanos Requejo SL (CIF B-36.164.143)
- -Wenea Urban SLU (CIF B-42.896.266)
- -Sociedad española construcciones eléctricas R SA (CIF A-08001182)
- -Energea consulting y asesores SL (CIF B-70.255.690)
- -Ecogal energias renovables autoconsumo y eficiencia energética SL (CIF B-27371806)

6. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes a documentación avaliable mediante criterios que precisan de xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración e execución das obras de instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar a diferentes centros da Deputación de Pontevedra de puntos de recarga de vehículos eléctricos no marco do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia e do Plan nacional integrado de enerxía e clima 2021-2030 (Programa MOVES III) financiado pola UE dentro dos fondos Next-GenerationEU. (Expte.- 2023044745).

A Mesa de Contratación, na reunión do 06/06/2024, procedeu á apertura dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa, do procedemento aberto convocado para a contratación da subministración e execucion das obras de instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar a diferentes centros da Deputación de Pontevedra de puntos de recarga de vehículos electricos no marco do plan de recuperación transformación e resiliencia e do plan nacional integrado de enerxía e clima 2021-2030 (programa Moves III) financiado pola UE dentro dos fondos Next-GenerationEU , sendo os licitadores admitidos os seguintes:

- -Iberdrola clientes SAU (CIF A-95.758.389)
- -Imesapi SA (CIF A-28.010.478)
- -Félix y Viñas SL (CIF B-36.016.905)
- -Electricidad Hermanos Requejo SL (CIF B-36.164.143)
- -Wenea Urban SLU (CIF B-42.896.266)
- -Sociedad española construcciones eléctricas R SA (CIF A-08001182)
- -Energea consulting y asesores SL (CIF B-70.255.690)
- -Ecogal energias renovables autoconsumo y eficiencia energética SL (CIF B-27371806)

A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica Vortal mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e



procede á descriptación e descarga da documentación dos sobres “B”, correspondentes aos criterios da avaliación mediante xuízos de valor.

Unha vez finalizado este trámite, a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación descargada dos sobres “B” ao persoal técnico do servizo de Cooperación cos Municipios, para que avalíen e ponderen as propostas técnicas segundo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento.

7. Aprobación das valoracións técnicas do sobre “A” correspondente a documentación avaliable mediante criterios que precisan de xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción e dirección dos proxectos de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondente co expediente PRD5000-2021-000382 dentro da convocatoria de axudas para inversións a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico Programa DUS 5000. (Expte.- 2023076329).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que mediante Resolución Presidencial con numero 2024003368 de data 24/04/2024, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado do servizo de asistencia técnica para a redacción e dirección dos proxectos de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondentes co expediente PRD5000-2021-000382 dentro da convocatoria de axudas para inversión a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico Programa DUS 5000.

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 24/04/2024. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

A presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal e as empresas admitidas foron as seguintes:

- Facilita Ingeniería SL B70501317
- Proyectos y estudios técnicos de Galicia S.L. B27159730
- Letter Ingenieros S.L. B19522028
- Sertogal S.L. B32164782

Os Técnicos do Servizo de Cooperación cos Municipios, con data 3/06/2024, emitiron o correspondente informe co csv MP04HV2VFJMH75KP relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

VALORACIÓN DOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE UN XUÍZO DE VALOR DO SOBRE “B”



	Puntuación máxima	FACILITA	LETTER INGENIEROS	PROYESTEGAL	SERTO GAL
1 Calidade técnica da memoria explicativa	19	16,5	11	13,5	3
2 Metodoloxía de toma de datos	8	5,5	4	7	1
3 Metodoloxía de comprobación de resultados	7	5,5	3	5	1
4 Metodoloxía cálculo lumínico	6	5	3,5	4	1
TOTALES	40	32,5	21,5	29,5	6

A Mesa de Contratación en base ao informe dos Técnicos do Servizo de Cooperación de data 3 de xuño de 2024 acorda:

- a) Prestar conformidade as citadas puntuacións acadadas polas empresas admitidas no procedemento aberto simplificado para a contratación da subministración e execución das obras de instalación eléctrica de baixa tensión e obra civil asociada para dotar a diferentes centros da Deputación de Pontevedra de puntos de recarga de vehículos eléctricos no marco do plan de recuperación transformación e resiliencia e do plan nacional integrado de enerxía e clima 2021-2030 (programa Moves III) financiado pola UE dentro dos fondos Next-GenerationEU.
 - b) Que non se proceda á apertura do sobre “B” da empresa Sertogal, S.L., por non acadar o mínimo do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante xuízos de valor, de conformidade eco establecido na base 10.1 dos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.
- 8. Apertura electrónica dos sobres “B” correspondente a documentación avaliada mediante criterios automáticos do procedemento aberto simplificado convocado para contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción e dirección dos proxectos de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondente co expediente PRD5000-2021-000382 dentro da convocatoria de axudas para inversións a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico Programa DUS 5000. (Expte.-2023076329).**

O Secretario da Mesa de Contratación informa aos asistentes das puntuacións acadadas polas empresas na valoración técnica das ofertas presentadas para optar a



adxudicación do contrato do servizo de asistencia técnica para a redacción e dirección dos proxectos de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondentes co expte PRD5000-2021-000382 dentro da convocatoria de axudas para inversión a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico Programa DUS 5000, e que son as seguintes:

	Puntuación máxima	FACILITA	LETTER INGENIEROS	PROYESTEGAL	SERTO GAL
1 Calidade técnica da memoria explicativa	19	16,5	11	13,5	3
2 Metodoloxía de toma de datos	8	5,5	4	7	1
3 Metodoloxía de comprobación de resultados	7	5,5	3	5	1
4 Metodoloxía cálculo lumínico	6	5	3,5	4	1
TOTALES	40	32,5	21,5	29,5	6

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres “B” correspondentes aos criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

Os valores ofertados foron os seguintes:

PROYESTEGAL S.L. (B-27159730)

Precio ofertado:

Importe sin IVA: 43.000,00€ (Cuarenta y tres mil euros)

IVA (21%): 9.030,00 € (Nueve mil treinta euros)

Importe total ofertado: 52.030,00 € (Cincuenta y dos mil treinta euros)

2. Experiencia de uno de los técnicos redactores en elaboración de proyectos de instalaciones de iluminación exterior:

Nº total de proyectos ofertados de instalaciones de iluminación

exterior por el **técnico redactor propuesto**: 46



3. Experiencia del técnico redactor de los trabajos en dirección de proyectos de ejecución de instalaciones de iluminación exterior:

Nº total de proyectos ofertados de instalaciones de iluminación exterior por el **técnico director propuesto:44**

FACILITA INGENIERIA B-70501317

1. Prezo ofertado:

Importe sen o IVE: 27.000,00 €

IVE: 5.670,00 €

Importe Total ofertado: 32.670,00 €

2. Experiencia de un dos técnicos redactores en elaboración de proxectos de instalacións de iluminación exterior:

Nº total de proxectos ofertados de instalacións de iluminación exterior polo técnico redactor proposto: 22

Nota: o numero mínimo de proxectos é de 1 proxecto.

3. Experiencia do técnico director dos traballos en direccións de proxectos de execución de instalacións de iluminación exterior.

Nº total de proxectos ofertados de instalacións de iluminación exterior polo técnico director proposto :15

LETTER INGENIEROS S.L.

1.Prezo ofertado:

Importe sen o IVE: TREINTA Y TRES MIL NOVECIENTOS NOVENTA EUROS (33.990,00€)

IVE 21 %): SIETE MIL CIENTO TREINTA Y SIETE EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS DE EURO (7.137,90 €)

Importe total ofertado: CUARENTA Y UN MIL CIENTO VIENTISIETE EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS DE EURO (41.127,90 €)

2. Experiencia de un dos técnicos redactores en elaboración de proxectos de



instalacións de iluminación exterior:

Nº total de proxectos ofertados de instalacións de iluminación exterior polo **técnico redactor proposto**: CIENTO SIETE (107)

Nota: o número mínimo de proxectos é de 1 proxecto.

3. Experiencia do técnico director dos traballos en direccións de proxectos de execución de instalacións de iluminación exterior.

Nº total de proxectos ofertados de instalacións de iluminación exterior polo

técnico director proposto: SETENTA Y DOS (72)

Nota: o número mínimo de proxectos é de 1 proxecto.

Unha vez efectuada a ponderación dos valores ofertados correspondentes aos criterios de valoración automática, de conformidade co establecido nos pregos, obsérvase que as empresas: Facilita, Letter e Proyestegal atópanse en baixa temeraria.

A Mesa de Contratación acorda facultar ao Secretario para que proceda a requirirille as empresas, Facilita, Letter e Proyestegal, que se atopan en baixa temeraria para que no prazo de 5 días hábiles, contados desde o envío da comunicación, xustifiquen ditas ofertas, e precisen as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro económico, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables das que dispoñan para executar a prestación.

9. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes a documentación administrativa do procedemento aberto convocado, mediante concurso público, para o alleamento de 14 parcelas do Polígono Industrial Outeda-Curro no Concello de Barro. (Exptes.- 2024025116-2024025500).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo do Pleno da Deputación de Pontevedra adoptado na sesión ordinaria que tivo lugar o día 26 de abril de 2024, aprobouse o expediente do concurso público para o alleamento ou constitución dun dereito de superficie, mediante procedemento aberto, de varias de varias parcelas (14) resultantes do proxecto de parcelación do Plan de Sectorización do Solo Urbanizable Industrial Outeda-Curro (SRAU-I, Outeda-Curro), no concello de Barro.

O anuncio de licitación deste concurso público publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 87 de data 3 de maio de 2024 e tamén se publicou no Perfil de Contratante da Deputación de Pontevedra (integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 3 de maio de 2024. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e os anexos deste concurso público.



O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Rematado o prazo de presentación de ofertas comprobouse que na plataforma de licitación electrónica Vortal non figura presentada ningunha oferta para o concurso público convocado para o alleamento ou constitución dun dereito de superficie de varias parcelas (14) resultantes do proxecto de parcelación do Plan de Sectorización do Solo Urbanizable Industrial Outeda-Curro (SRAU-I, Outeda-Curro), no concello de Barro.

A Mesa de Contratación acorda propor ao órgano de contratación, neste caso o Pleno, declarar deserto o concurso público convocado para o alleamento ou constitución dun dereito de superficie de varias parcelas (14) resultantes do proxecto de parcelación do Plan de Sectorización do Solo Urbanizable Industrial Outeda-Curro (SRAU-I, Outeda-Curro), no concello de Barro, debido a que, unha vez rematado o prazo de presentación de ofertas, non se presentou ningunha proposición de empresas interesadas na adxudicación das parcelas obxecto de alleamento deste concurso público.

10. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes a documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento aberto convocado, mediante concurso público, para o alleamento de 14 parcelas do Polígono Industrial Outeda-Curro no Concello de Barro. (Exptes.- 2024025116-2024025500).

O Presidente decide retirar da orde do día o asunto relativo á apertura do sobre “B”, ante o feito de que non existen ofertas de empresas interesadas na adxudicación das parcelas, motivo polo que a Mesa de Contratación no punto anterior acordou propor ao Pleno como órgano de contratación, que declare deserto o concurso público convocado



para o alleamento ou constitución dun dereito de superficie de varias parcelas (14) resultantes do proxecto de parcelación do Plan de Sectorización do Solo Urbanizable Industrial Outeda-Curro (SRAU-I, Outeda-Curro), no concello de Barro.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e doce minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

